



Expediente electrónico: 2024/C004/000004

Departamento: Contratación, adxunto a secretaría

Servizo/s: Actividades deportivas do Concello de Santa Comba para o curso 2024/2025

Importe: 70519,1 €

Asunto: memoria xustificativa

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Artigo 28 da LCSP. A publicar no Perfil de Contratante, artigo 63.3 a da LCSP

1 A xustificación do contrato e as necesidades a satisfacer

O deporte constitúe unha actividade de máxima importancia e relevancia nas sociedades modernas. Asíciase directamente a un modo de vida saudable co que se contribúe á mellora das propias condicións físicas, así como a valores de superación, loita, respecto aos demais e ás normas, e de crecemento persoal baseado no esforzo e na mellora do propio rendemento. Todos eles son valores sociais especialmente interesantes no proceso de sociabilidade.

1.1. Descrición da situación

Xustifícase este contrato en que as entidades do sector público non poderán realizar outros contratos máis que os necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins e de acordo cos principios de necesidade, idoneidade e eficiencia.

Este servizo licítase ao abeiro do artigo 5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, (en diante LBRL), que establece que para o cumprimento dos seus fins e no ámbito das súas respectivas competencias, as Entidades Locais, de acordo coa Constitución e as leis, terán plena capacidade xurídica para adquirir, posuír, reivindicar, permutar, gravar ou allear toda clase de bens, celebrar contratos, establecer e explotar obras ou servizos públicos, obrigase, interpoñer os recursos establecidos e exercitar as accións previstas nas leis.

Os obxectivos que se pretender alcanzar co contrato.

- a) **A necesidade e finalidade que se perseguen:** o cumprimento e a realización dos fins municipais que sinalan os artigos da Lei de bases de réxime local e a Lei de administración local de Galicia como competencias propias e dos servizos mínimos:
- o artigo 25.1 da LBRL e o artigo 80.1 da LALGA: promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.
 - o artigo 25.2 da LBRL:
 - l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.
 - o artigo 80.2 n da LALGA: as actividades e instalacións culturais, a ocupación do tempo de lecer e o turismo.
 - o artigo 80.2.o a execución de programas propios destinados á infancia, xuventude, muller e terceira idade.

Para conseguir este fin, ademais de contar cos medios persoais necesarios, os departamentos municipais precisan estar dotados dos medios materiais axeitados para desenvolver con eficiencia as tarefas e funcións que teñen atribuídas.

- b) *O conxunto de actividades propostas ten o propósito de fomentar a práctica deportivas en todos os rangos de idade, así como promover a dinamización do deporte, os hábitos saudables, a actividade física e a socialización, intentando facer fincapé na conciliación familiar no ámbito municipal, de tal maneira que ao mesmo tempo que se xeran actividades para desenvolvemento educativo, psicomotor, cognitivo, afectivo e social, se intente tamén asegurar a conciliación da vida laboral e social das familias, dun xeito transversal e con perspectiva de xénero.*



c) Os obxectivos comúns do contrato:

As actividades deportivas enmárcanse dentro da planificación deportiva anual do Concello de Santa Comba. Ademais do seu carácter de fomento da actividade física, tamén perseguen o desenvolvemento de competencias educativas, de lecer, de dinamización de grupos, de participación, de envellecemento activo e de promoción de hábitos e pautas saudables. Por iso, pese á diversidade de disciplinas, emprazamentos e públicos, as actividades deportivas manteñen uns obxectivos comúns que se poden resumir na necesidade de:

- *Fomentar a práctica deportiva e a vida activa entre a veciñanza de todas as franxas de idade do concello como un medio para a mellora do estado físico, da saúde e da calidade de vida.*
- *Poder ofertar unha formación deportiva aos asistentes ás actividades, fomentando a educación permanente coa práctica activa que permita, na medida do posible, o desenvolvemento de competencias que posibiliten tamén a posterior práctica autónoma de actividade deportiva no seu tempo de lecer.*
- *Crear entre a poboación os hábitos hixiénicos necesarios para unha práctica deportiva segura, que evite na medida do posible a aparición de lesións e axude ao mantemento da saúde físico-mental.*
- *Ofertar unha actividade física que tamén promova a socialización, posibilitando dinámicas de colaboración que sexan de axuda na loita contra a soidade e o illamento.*

A idoneidade: subscribir un contrato de servizos é a forma máis idónea, axeitada e eficiente para conseguir os fins municipais mencionados, xa que logo non se conta cos medios persoais e humanos para realizar estes investimentos

1.2. Marco normativo

- Os artigos 63, 99 a 102, 116, 117, 122, 124 e 131 a 158 e as disposicións adicionais segunda, terceira e décimo quinta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, (en diante LCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, (BOP núm. 118 do 15/05/2009).
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, (artigos vixentes logo da entrada en vigor do Real decreto 817/2009, do 8 de maio), (BOP núm. 257 do 26/10/2001).
- a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, (en diante LBRL), (BOE núm. 80 do 03/04/1985).
- a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, (en diante LALGA), (DOG núm. 149, do 05/08/1997),
- A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia (DOG núm. 71 do 13/04/2012 e BOE núm. 101 do 27/04/2012).
- Así mesmo, serán de aplicación as demais disposicións estatais que regulan a contratación do sector público, e as ditadas pola Comunidade Autónoma de Galicia, no marco das súas respectivas competencias, así como as establecidas na lexislación de réxime local para as corporacións locais, supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo.

2 A insuficiencia de medios

Este concello non conta cos medios humanos e técnicos propios para realizar as tarefas obxecto deste contrato, razón pola que cómpre acudir á contratación de empresas externas que dispoñan dos medios necesarios, xa que logo este servizo debe desenvolverse por profesionais coa titulación específica acreditada que require o desenvolvemento deste investimento.



Non sería viable acudir á contratación de persoal laboral temporal así como da infraestrutura e equipamento necesario para o cumprimento deste servizo.

Non se considera este servizo como esencial ou mínimos que xustifiquen a contratación laboral para a execución deste servizo polo que é recomendable a externalización deste servizo.

Por iso, tendo en conta os principios de economía e eficacia e eficiencia que deben presidir a actuación das Administracións Públicas, (artigo 103 da Constitución española), acódesse á fórmula prevista na LCSP, para os contratos de servizos. Emporiso que cómpre acudir á contratación externa.

Xustifícase así a necesidade e a idoneidade do contrato e a eficiencia da contratación, ao abeiro do 28 da LCSP.

3 Obxecto do contrato

A execución do contrato: **Actividades deportivas do Concello de Santa Comba para o curso 2024/2025**

Orzamento de contrata	70519,1 € (21 % incluído)
Prazo de execución	O prazo de execución do servizo abranguerá o período comprendido entre os meses de setembro de 2024 e maio de 2025.
Data estimada de inicio	O 16 de setembro. A de finalización o 31 de maio.
Prórroga	Non se prevé
CPV	92000000-1 <i>Servizos de espaxemento, culturais e deportivos</i> 92600000-7 <i>Servizos deportivos</i>

Actividade	Horas previstas
Ximnasia de mantemento	1610
Ximnasia terapéutica na auga	67
Aquagym	67
Patinaxe	67
Multideporte	155
Fútbol Sala	67
Balón Volea	67
Pilates	198
CicloIndoor	67
BodyPump	67
Adestramento Funcional	67
Zumba	65

Total máximo de horas: 2.564

A empresa adjudicataria tamén terá que estar en condicións de poder prestar as seguintes especialidades, en caso de que o número insuficiente de alumnado nalgunha disciplina imposibilitara empezar o grupo ou en caso de que a baixada de participación obrigara a facer un reaxuste de oferta e cambio a outra actividade ao longo do curso:

Tenis, tenis de mesa, baloncesto, aerobio, ximnasia rítmica, danza, natación, atletismo, musculación, GAP, cardiobox, bodycombat, burn, HIIT, tabata, step, crossfit, senderismo, running, baile, cachibol, circuitos, monitoraxe en ximnasio, socorrismo e salvamento.

NOTA: A estimación de horas previstas para a temporada 2024-2025 é a presentada no cadro anterior e foi confeccionada tendo en conta os datos extraídos da anualidades anteriores e na proxección estimada da posta en marcha de novas actividades. Esta estimación de horas anuais recóllese en función da previsión de actividades que se ofertarán durante a próxima tempada. Porén, poderase reasignar ou reagrupar en función da demanda, da proposta de organización do servizo que ofrezan os licitadores e tamén baixo solicitude do Departamento de Deportes. Calquera modificación de horas ou grupos debe ser aprobada polo Concello.



ACTIVIDADE	MÍNIMO DE PERSOAS INSCRITAS POR GRUPO DE ACTIVIDADE	NÚMERO MEDIO ASISTENTES MENSUAIS POR GRUPO DE ACTIVIDADE
Ximnasia de mantemento	10	7
Ximnasia terapéutica na auga	15	10
Aquagym	15	10
Patinaxe	12	8
Multideporte	12	8
Fútbol Sala	12	8
Balón Volea	12	8
Pilates	15	10
CicloIndoor	12	10
BodyPump	15	10
Adestramento Funcional	15	10
Zumba	15	10

5 A análise técnica. As consideracións técnicas e os requirimentos

Constará no expediente o prego de cláusulas técnicas particulares (en diante PPT).

6 Análise económica.

6.1. Sistema de determinación do prezo.

A forma de cálculo

Cálculos salariais	X
Seguros	X
Impostos aplicables	X
Gastos xerais (13 %)	X
Beneficio industrial (6 %)	X
Prezo medio de mercado	X
Gastos de desprazamentos e instalacións e lugares (outros aparelados)	X

6.2. Viabilidade. Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

O gasto previsto atópase recollido no orzamento inicial polo que cumpre o principio de estabilidade orzamentaria.

Os gastos non terán consecuencias relevantes no referente aos seus efectos orzamentarios e económicos para os ingresos e gastos de exercicios futuros, nos termos actuais.

As repercusións, para os efectos económicos, atópanse supeditados ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, de maneira que os gastos teñen cabida nos correspondentes orzamentos futuros da entidade.

Así mesmo, a contratación do servizo cumpre co principio de prudencia financeira, minimizando o risco e os custos da prestación contratada, de conformidade co artigo 48 bis. do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

6.3. Valor estimado e o financiamento. Viabilidade.

O orzamento base de licitación establécese como o límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación, incluído o imposto do valor engadido.

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigacións económicas que se deriven da contratación para esta anualidade.

De ser o caso, o crédito orzamentario para o resto das anualidades estará sometido á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos correspondentes ás mesmas



No expediente consta a plena dispoñibilidade da aportación financeira do servizo.

Prezo do contrato		Financiamento e retención de crédito	
Valor estimado	58280,25 €	Subvención Unión Europea	0 €
IVE (21 %)	12238,85 €	Estado	0 €
Total	70519,1 €	Xunta de Galicia	0 €
		Deputación A Coruña	0 €
		Fondos propios	70519,1 €
Partida orzamentaria	21/06/2024	Retención de crédito	21/06/2024
Núm. Operación	220240002520/ 220249000007	Referencia núm.	22024000669

7 Análise do Procedemento

7.1 A xustificación da elección do procedemento

a) O procedemento de adxudicación: procedemento aberto, con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática, non suxeito a regulación harmonizada.

b) A xustificación da elección do procedemento:

- a característica da prestación e a súa contía. O contrato destes servizos non está suxeito a regulación harmonizada xa que logo o valor estimado non é igual ou superior a 221.000 € (artigo 22.1 da LCSP).
- A adxudicación realizarase, ordinariamente, usando unha pluralidade de criterios de adxudicación baseados no principio de mellor calidade-prezo, ao abeiro dos artigos 131, 156 e seguintes da LCSP, e usando o procedemento aberto ou o procedemento restrinxido (artigo 131.2 da LCSP).
- A escolla do procedemento aberto se motiva por ser un dos procedementos ordinarios establecidos pola Lei, xunto co restrinxido, e por ser o que goza de máis transparencia e atrae unha maior concorrencia competitiva. Se procura cumprir os principios que se establecen no artigo 1.1 da LCSP.
- No procedemento aberto todo empresario poderá presentar unha proposición e quedará excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores (artigo 156.1 da LCSP).
- Non se atende única e exclusivamente ao prezo máis baixo. A adxudicación dos contratos ser realizará usando unha pluralidade de criterios de adxudicación na base da mellor relación calidade-prezo (artigo 145 da LCSP).
- A mellor relación calidade-prezo se avaliará de acordo a criterios económicos e cualitativos (artigo 145.2 da LCSP).
- *Non existe impedimento legal algún para que se establezan parámetros obxectivos que afecten a criterios dependentes dun xuízo de valor. A finalidade que persegue a norma que suxeita a unha presunción de anormalidade a determinadas proposicións dos licitadores non é outra que a de garantir que aquelas son viables en canto á súa execución en caso de resultar adxudicatarias. Resulta evidente que a condición extremadamente baixa do prezo pode producir esta circunstancia, pero tamén é certo que a oferta pode converterse en inviable, por exemplo, como consecuencia dunha proposta non asumible desde o punto de vista técnico.*
Por tanto, a valoración de viabilidade da oferta, no caso de diferentes criterios de adxudicación, debe referirse a varios deles, os máis relevantes e que permitan ter unha visión obxectiva e completa do problema da viabilidade do cumprimento do contrato.
Finalmente, se esa visión de conxunto refírese a unha licitación na que teñen un peso relevante os criterios suxeitos a un xuízo de valor, por exemplo no aspecto técnico ou de calidade da proposición, non cabe dúbida de que o mandato expreso do lexislador de referir os parámetros obxectivos que deberán permitir identificar os casos en que unha oferta considérese anormal á oferta considerada no seu conxunto esixe incluír os criterios suxeitos a xuízo de valor na análise (Informe da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, expediente 113/18).
- A aplicación de máis dun criterio de adxudicación procederá, en todo caso, na adxudicación dos contratos nos que o órgano de contratación considere que a definición da prestación é



susceptible de ser mellorada por outras solucións técnicas ou por reducións no prazo de execución (artigo 145.3.b da LCSP).

c) A tramitación: ordinaria.

A través deste procedemento búscase que un maior número de entidades concorran á licitación, favorecendo a competencia para o fin de garantir a adecuada prestación da subministración que constitúe o obxecto do contrato.

Para os efectos do cumprimento dos principios de publicidade, concorrência e competitividade, o procedemento aberto, con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática, anunciarase no Perfil de Contratante municipal (artigo 156.6 da LCSP).

7.2 Cualificación do contrato

Contrato de servizos (artigo 17 da LCSP). Contrato administrativo (artigo 25.1 da LCSP).

7.3 Análise de execución, ou non, por lotes (artigo 116.4.g da LCSP)

Non división en lotes

Aínda que se poderían establecer lotes por prestacións, ao tratarse todas as posibles prestación a realizar de actividades deportivas, considérase máis eficaz que non se divida en lotes, para o fin de evitar problemas de coordinación do servizo, quedando xustificando, polo tanto, así como a necesidade de utilización de espazos municipais coordinadamente, unha pluralidade de contratistas diferentes dificultaría a correcta supervisión do mesmo, de conformidade co previsto no artigo 99 da LCSP.

7.4 Duración

O prazo de execución do servizo abranguerá o período comprendido entre os meses de setembro de 2024 e maio de 2025. A data estimada de inicio é o 16 de setembro, e a de finalización o 31 de maio.

O prazo contarase desde o día seguinte ao da formalización do contrato ou desde a data fixada no documento contractual.

Prórroga: non se prevé.

Non obstante o establecido nos apartados anteriores, cando ao vencemento dun contrato non se formalizou o novo contrato que garanta a continuidade da prestación para realizar pola persoa contratista, como consecuencia de incidencias resultantes de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación, producidas no procedemento de adxudicación, e existan razóns de interese público para non interromper a prestación, poderase prorrogar o contrato orixinario ata que comece a execución do novo contrato, e, en todo caso, por un período máximo de nove (9) meses, sen modificar as restantes condicións do contrato, sempre que o anuncio de licitación do novo contrato publicouse cunha antelación mínima de tres meses respecto da data de finalización do contrato orixinario.

Con todo, a duración do contrato quedará condicionada á existencia de consignación orzamentaria adecuada e suficiente en cada exercicio orzamentario.

7.5 Revisión de prezos

A duración do servizo é inferior aos dous anos polo que non procederá en ningún caso a revisión periódica e predeterminada de prezos deste contrato e por iso non se aplicará fórmula ningunha de revisión, ao abeiro do artigo 103.5 da LCSP.



7.6 Clasificación.

Non se esixe clasificación de contratistas, tendo en conta o valor estimado deste contrato de obras, ao abeiro do artigo 77.1.b da LCSP.

7.6.1. Medios de acreditar a solvencia técnica, económica e financeira (art. 116.4.c da LCSP)

Para celebrar contratos co sector público os empresarios deberán acreditar estar en posesión das condicións mínimas de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica a determinar atendendo ao descrito nos artigos 86, 87 e 90 da LCSP, ao abeiro do artigo 74 LCSP, a elección do órgano de contratación:

“ 7.6.1 Solvencia económica e financeira (artigo 87.1 da LCAP)

1. A solvencia económica e financeira do empresario deberase acreditar por este medio:

b) Nos casos en que resulte apropiado, xustificante da existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior ao exixido no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e nos pregos do contrato ou, na súa falta, ao establecido regulamentariamente.

Acreditación documental (artigo 87.2 e 87.3 da LCSP)

A inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público acreditará fronte a todos os órganos de contratación do sector público, segundo o reflectido nel e salvo proba en contrario, as condicións de solvencia económica e financeira do empresario.

b) Nos contratos cuxo obxecto consista en servizos profesionais, en lugar do volume anual de negocio a solvencia económica e financeira poderase acreditar mediante a disposición dun seguro de indemnización por riscos profesionais, vixente ata a fin do prazo de presentación de ofertas, por importe non inferior ao valor estimado do contrato.

Ademais, deberase achegar o compromiso da súa renovación ou prórroga que garanta o mantemento da súa cobertura durante toda a execución do contrato. Este requisito entenderase cumprido polo licitador ou candidato que, no caso de resultar adxudicatario, inclúa coa súa oferta un compromiso vinculante de subscrición do seguro exixido, compromiso que deberá facer efectivo dentro do prazo de dez días hábiles a que se refire o número 2 do artigo 150 desta lei.

A acreditación deste requisito efectuarase por medio de certificado expedido polo asegurador, no cal consten os importes e riscos asegurados e a data de vencemento do seguro, e mediante o documento de compromiso vinculante de subscrición, prórroga ou renovación do seguro, nos casos en que proceda.

7.6.2 Acreditación da solvencia económica e financeira por calquera outro documento.

Cando por unha razón válida, o operador económico non estea en condicións de presentar as referencias solicitadas polo órgano de contratación, autorizaráselle a acreditar a súa solvencia económica e financeira por medio de calquera outro documento que o poder adxudicador considere apropiado (art. 86.1, parágrafo 3. Da LCSP).

7.6.3. Solvencia técnica ou profesional nos contratos de servizos

7.6.3.b.1. Regra xeral.

1. Nos contratos de servizos, a solvencia técnica ou profesional dos empresarios deberase apreciar tendo en conta os seus coñecementos técnicos, eficacia, experiencia e fiabilidade, o que se deberá acreditar, segundo o obxecto do contrato, este medio:

b) Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados do control de calidade.

Nos contratos non suxeitos a regulación harmonizada, cando o contratista sexa unha empresa de nova creación, entendendo por tal aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos, a súa solvencia técnica acreditarase por un ou varios dos medios a que se refiren o artigo 90.4 da LCSP.

7.7 Criterios base para a adxudicación do contrato (artigo 116.4.c da LCSP).

PROPOSTA TÉCNICA, DE MEDIOS E ORGANIZATIVA DO SERVIZO (49 PUNTOS)

O licitador deberá presentar unha proposta técnica, de medios e organizativa do servizo que deberá seguir a seguinte estrutura:

1. Identificación do licitador
2. Contextualización do servizo
- 2.1. Concello de Santa Comba



2.2 Instalacións deportivas

3. Programación deportiva curso 2024/2025

- 3.1. Proposta de programación das actividades deportivas para adultos e para nenos/as (número e características de cada actividade, contando coa posible proposta presente nas cláusulas técnicas e coa posible incorporación de novas actividades)
- 3.2. Proposta de organización da clausura de actividades
- 3.3. Proposta para a organización das competicións e participación en *Xogade*

4. Organización do servizo

- 4.1. Medios de coordinación co concello
- 4.2. Métodos de control e seguimento do servizo
- 4.3. Protocolo de actuación ante accidentes
- 4.4. Tratamento e protección de datos

5. RR.HH.

- 5.1. Medios humanos que se adscriben ao servizo e funcións
- 5.2. Protocolo de substitución de persoal en caso de baixas, vacacións ou similares
- 5.3. Plan de formación permanente do persoal

6. RR.MM.

- 6.1. Medios materiais adscritos ao servizo (cuantificado por unidades)

CONTIDO. PONDERACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten unha memoria moi completa e novidosa de conformidade cos parámetros fixados; ben definida e estruturada; metodoloxía moi completa e proposta de medios materias e humanos excelente. Proxectos moi completos e que teñan características diferenciais e que aporten melloras considerables.	Ata 100 %
Ofertas que presenten unha memoria completa de conformidade cos parámetros fixados; ben definida e estruturada; metodoloxía completa e proposta de medios materias e humanos boa. Proxectos completos.	Ata 65 %
Ofertas que presenten unha memoria suficiente de conformidade cos parámetros fixados; correctamente definida e estruturada; metodoloxía suficiente e proposta de medios materias e humanos suficiente. Proxectos suficiente	Ata 30 %
Ofertas que presenten un programa e memoria deficiente.	0%

A proposta técnica non poderá superar as 15 páxinas, en letra Arial, 11, interliñado 1,15 (excluíndo a portada, o índice e os anexos, de habelos) e 5 páxinas de anexos, coas mesmas características tipográficas.

A valoración da proposta farase tendo en conta a mellor organización e metodoloxía, atendendo aos elementos que a continuación se detallan. En todo caso o contido do documento será claro, concreto e conciso.

ANEXO III.II: CRITERIOS ESPECÍFICOS PARA ESTE CONTRATO

TIPO DE CRITERIO	DENOMINACIÓN	PUNTUACIÓN ASIGNADA
CRITERIOS	Organización e metodoloxía do servizo O proxecto a presentar polos licitadores no que se detallarán aspectos básicos da prestación do servizo, deberá comprender de xeito detallado o indicado nos apartados 1 a 4 da memoria.	Ata 30 puntos
	Recursos humanos, materiais e técnicos	



NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS	O proxecto a presentar polos licitadores, no que se detallarán aspectos básicos da prestación do servizo, deberá comprender o sistema de substitución de persoal para o caso de ausencias; reciclaxe e formación que se impartirá ao persoal proposto, especificando programas e número mínimo de horas; medios materiais adscritos ao servizo por parte do adxudicatario, debendo identificarse material, unidades e valoración económica do mesmo.	Ata 19 puntos
49 %	Total criterios subxectivos	49,00 puntos
TIPO DE CRITERIO	DENOMINACIÓN	PUNTUACIÓN ASIGNADA
CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS	Oferta económica Prezo hora ofertado Distribuírse a puntuación segundo o Programa de valoración da Deputación da Coruña. Para a súa apreciación aplicarase a fórmula de cálculo desenvolvida en virtude dun convenio de investigación entre a Deputación provincial da Coruña e o Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela, dispoñible na dirección: https://www.dacoruna.gal/valoracion/ .	Ata 15 puntos
	Implementación dunha plataforma de comunicación e control de asistencia online Valoraranse cunha puntuación máxima de 6 puntos (de conformidade co seguinte abano), aquelas ofertas que propoñan a implementación dunha plataforma de control de asistencia do alumnado e de comunicación aos mesmos vía online desde dispositivos móbiles. Outorgarase a puntuación do seguinte xeito: <ul style="list-style-type: none"> • Plataforma só con módulo de control de asistencia online dende móbil, tableta ou ordenador: 2 puntos. • Plataforma con módulo de control de asistencia e módulo de xestión de notificacións ao alumnado: 4 puntos. • Plataforma con módulo de control de asistencia e módulo de xestión de notificacións ao alumnado e módulo de solicitude de autorizacións: 6 puntos. 	Ata 6 puntos
	Xornadas de fomento do deporte, hábitos de vida saudables e mellora da calidade de vida Valoraranse cunha puntuación máxima de 6 puntos (de conformidade co seguinte abano), aquelas ofertas que propoñan a organización de xornadas de fomento do deporte, hábitos de vida saudables e mellora da calidade de vida impartidos por persoal cualificado (fisioterapeutas, nutricionistas, preparadores físicos, adestradores e deportista profesionais, etc.), sen que isto supoña un incremento do prezo final ofertado e sendo asumida ditas xornadas e a súa organización pola adxudicataria, de conformidade co seguinte abano de puntuación: Outorgaranse dous (2) puntos por xornada dentro da anualidade correspondente: <ul style="list-style-type: none"> ▪ 1 xornada anual: 2 puntos. ▪ 2 xornadas anuais: 4 puntos. ▪ 3 xornadas anuais: 6 puntos. O licitador que non oferte a ningunha xornada obterá 0 puntos.	Ata 6 puntos



	Actividades e horas a maiores Valoraranse cunha puntuación máxima de 24 puntos (de conformidade co seguinte abano), aquelas ofertas que propoñan a organización de actividades deportivas a maiores entre as recollidas como adxudicables no prego de prescricións técnicas, encadradas no calendario semanal e de impartición ao longo de todo o curso o de un trimestre, sen que esas horas supoñan un incremento do prezo final ofertado e sendo asumidas ditas actividades e a súa impartición pola adxudicataria, de conformidade co seguinte abano de puntuación: <ul style="list-style-type: none">▪ 1 actividade trimestral: 8 puntos.▪ 2 actividades trimestrais: 16 puntos.▪ 1 actividade anual: 18 puntos.▪ 1 actividade anual e unha trimestral: 24 puntos O licitador que non oferte a ningunha actividade adicional obterá 0 puntos.	24 puntos
51 %	Total criterios avaliados mediante fórmulas	51,00 puntos
100 %	Total puntuación criterios de adjudicación	100,00 puntos

O obxectivo é seleccionar a oferta economicamente máis vantaxosa entendéndose este concepto como a mellor relación calidade-prezo, (artigo 145 da LCSP), que se avaliará conforme criterios económicos e cualitativos relacionados cos custos.

En canto aos criterios valorables mediante xuízo de valor, outorgouse unha importancia significativa, a aqueles aspectos vinculados coa proposta funcional, buscando unha oferta que sexa atractiva baixo parámetros de calidade da prestación e non só de prezo. Con iso, profúndase nos novos perfís da contratación apuntados polo artigo 131.2 da LCSP, onde a mellor oferta non é necesariamente a máis barata senón aquela que posúe a mellor relación calidade-prezo.

Así mesmo, os criterios de valoración relativos á oferta económica conseguen un bo equilibrio entre as dúas vertentes. Unha oferta ben puntuada conforme os criterios de valoración mediante xuízo de valor e a oferta económica conxugará unha boa prestación cun menor custo do servizo.

A fórmula usada para valorar a oferta económica, foi escollida por demostrar no pasado o seu bo rendemento conforme os parámetros que deben inspirar o deseño deste tipo de fórmulas. Fronte a outras, as proporcionais, como a introducida no PCAP deste contrato, teñen a vantaxe de ser capaces de asignar puntos en toda o abano comprendido desde o máximo, (a mellor oferta), como pola ausencia en si de puntuación (para as ofertas que non reduzan o orzamento de licitación). Non queda puntuación sen repartir nin desincentiva as baixas mediante limiares de saciedade.

Os criterios de desempate:

1º.- Proposicións presentadas polas empresas que, ao vencemento do prazo de presentación de ofertas, acrediten ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao que lles impoña a normativa; terá preferencia na adjudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade e con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa no seu persoal ao vencemento do prazo de presentación de ofertas.

2º.- Proposicións presentadas polas empresas que, ao vencemento do prazo de presentación de ofertas, dispoñan dunha maior porcentaxe de traballadores, (homes e mulleres), con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa no cadro de persoal.



3º.- Proposicións presentadas polas empresas que, ao vencemento do prazo de presentación de ofertas, dispoñan de maior porcentaxe de mulleres traballadoras con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa no cadro de persoal e cada unha das empresas.

4º.- Proposicións presentadas polas empresas que inclúan medidas de carácter social e laboral que favorezan a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes que estean recollidas nun plan de igualdade acreditado pola Administración Autonómica competente.

Para estes efectos deberán presentar a documentación que os acredite.

7.8 Condicións especiais de execución do contrato de carácter social, ético, ambiental ou doutra índole (artigo 1.3, 145 e 202 da LCSP)

Tipo especial	1 Eliminar desigualdades entre o home e a muller 2 Sometemento á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos 3 A promoción da reciclaxe de produtos e o uso de envases reutilizables
Descrición	Incluír na programación das actividades valores de igualdade entre xéneros. Nos contratos cuxa execución implique a cesión de datos polas entidades do sector público ao contratista será obrigatorio o establecemento dunha condición especial de execución que faga referencia á obrigación do contratista de someterse á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos, advertíndose ademais ao contratista de que esta obrigación ten o carácter de obrigación contractual esencial. A condición especial de execución proposta resulta de obrigado cumprimento logo da reforma operada pola Real decreto-Lei 14/2019, do 31 de outubro, polo que se adoptan medidas urxentes por razóns de seguridade pública en materia de administración dixital, contratación do sector público e telecomunicacións no artigo 202 da Lei de contratos, sendo obrigatorio o establecemento dunha condición de especial de execución que faga referencia á obrigación do contratista de someterse á normativa nacional e da Unión europea en materia de protección de datos, naqueles contratos cuxa execución implique a cesión de datos polas entidades do sector público ao contratista. Promover a reciclaxe de produtos e o uso de envases reutilizables.

7.9 Participación de licitadores e exclusión de toda negociación

No procedemento aberto todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores, ao abeiro do artigo 156.1 da LCSP.

8 Normativa laboral, igualdade de xénero e conciliación da vida familiar e persoal. Igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gais, transexuais bisexuais e intersexuais.

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia laboral e de seguridade social e en especial os convenios colectivos do sector ou empresa correspondentes.

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de seguridade e hixiene no traballo e prevención de riscos laborais.

Así mesmo o contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de igualdade de xénero e conciliación da vida familiar e persoal, adoptando todas as medidas necesarias para a súa efectividade.

De igual modo deberá adoptar as medidas a que se refire a Lei 2/2014, do 14 de abril ,pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, e en especial o protocolo de igualdade e boas prácticas no ámbito



empresarial e das relacións laborais en materia de non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero, considerándose o seu cumprimento condición especial de execución, e o seu incumprimento considerárase incumprimento de obrigação esencial e causa de resolución de contrato (art. 12.8 Lei 2/2014).

O contratista está obrigado a facilitar toda a documentación acreditativa do cumprimento de todos os requisitos esixidos nesta cláusula cando llo solicite a administración, o director de obra ou o órgano de contratación. En todo caso, o contratista e a administración deberán observar a normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

9 Tributos e proxectos de instalacións

O adxudicatario deberá pagar todos os impostos, contribucións, taxas e prezos públicos que pesen sobre o contrato ou, no seu caso, sobre o obxecto do contrato, así como o aboamento de calquera tributo relacionado con este servizo.

Serán por conta do adxudicatario e sen que supoña ningún custo para a administración, a realización daqueles proxectos de instalacións e equipos que no seu caso se prevexan no PPT, que sexan necesarios para a aprobación polos organismos competentes da administración, así como a tramitación ante estes organismos e o pago das taxas correspondentes.

11 Responsable do contrato, ao que corresponderá supervisar a execución, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito das facultades que aqueles lle atribúen (artigo 62.1.2 da LCSP).

A concelleira-delegada de Cultura, Deportes, Educación, Formación, Normalización Lingüística, Comunicación e Tecnoloxía e Xuventude.

12 A unidade encargada do seguimento e a execución ordinaria do contrato (artigo 62.1 da LCSP).

O departamento municipal con competencias nesta materia: Deportes.
A técnica de Deportes ou persoa que a substitúa.

13 Unidades tramitadoras

13.1 Identificación do destinatario

Entidade local: Concello de Santa Comba
NIF : P15078001
Código : L01150774

13.2 Órgano decisorio/Xestor

Xestor/a : a alcaldía
Código : L01150774

13.3. Identificación Unidade Contable

Unidade : a intervención
Código : L01150774

13.4. Identificación Unidade tramitadora

Unidade : a alcaldía (departamento de Deportes)
Código : L01150774

14 Desagregación dos custes do servizo

A contía máxima de 70.519,10 € desagregase xeito:

Obxecto	Prezo/hora con IVE	Nº horas estimadas do contrato	Valor estimado	IVE (21 %)	Orzamento base de licitación
Actividades deportivas	27,5 Euros (27,503 Euros)	2.564	58.280,25 Euros	12.238,85 Euros	70.519,10 Euros



Anualidade	Prezo/hora con IVE	Nº horas anuais estimadas	Valor estimado	IVE (21 %)	Orzamento base de licitación
2024	27,5 Euros (27,503 Euros)	1.120	25.457,84 Euros	5.346,14 Euros	30.803,98 Euros
2025	27,5 Euros (27,503 Euros)	1.444	32.822,41 Euros	6.892,71 Euros	39.715,12 Euros

Custos salariais: 47.975,00 Euros
Seguros: 1.000,00 Euros
Total custes directos: 48.975,00 Euros
Gastos xerais (13%): 6.366,75 Euros
Beneficio industrial (6%): 2.938,50 Euros
Valor estimado: 58.280,25 Euros
IVE (21%): 12.238,85 Euros
Orzamento base de licitación: 70.519,10 Euros

De tal xeito, 70.519,10 Euros é o límite máximo de gasto que pode comprometer o órgano de contratación, incluíndo o IVE e demais tributos que sexan de aplicación de acordo coa lexislación vixente.

Asemade sinalar que os gastos de desprazamento ás instalacións e lugares (así como outros gastos aparelados) para a prestación do servizo estarán incluídos no importe do mesmo.

Convenio de aplicación custos salariais: o V Convenio Colectivo Estatal de Instalacións Deportivas e Ximnasios.

Santa Comba, na data da sinatura dixital

O alcalde

Alberto Romar Landeira

(Documento que se asina electronicamente)